

CONVOCATORIA PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL 2017 (Incorporación 2018)

Resolución de 18 de octubre de 2017, de la Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación
Instrucción para a formulación da Oferta de Prazas da USC

PREÁMBULO

De acordo coa convocatoria da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación para a concesión de [axudas “Ramón y Cajal” \(BOE 27-10-2017\)](#) do Subprograma Estatal de Incorporación do Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa empregabilidade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016, e co obxecto de dar cumprimento aos requisitos establecidos na convocatoria publicada no BOE de 27 de Outubro de 2017, a Universidade de Santiago de Compostela fai un chamamento á comunidade universitaria para compoñer a oferta institucional de prazas correspondente á convocatoria 2017 das axudas “Ramón y Cajal”.

Se ben o Programa Ramón y Cajal ten como obxectivo a incorporación nos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, de investigadores con traxectoria destacada, á hora de definir esta oferta a USC debe ter en conta as restricións establecidas nos últimos anos polas Leis de Orzamentos, tanto estatais como autonómicas, que inciden no criterio de necesidades docentes para a posibilidade de contratación de persoal docente e investigador.

En base a estes antecedentes, a oferta de prazas de Investigadores/as Ramón y Cajal definirase tendo en conta o procedemento e criterios que a seguir se sinalan:

PROCEDEMENTO E CRITERIOS PARA DEFINIR A OFERTA DE PRAZAS DA USC

- i. As propostas formais poderán ser efectuadas polos grupos de investigación¹, Departamentos, Institutos ou Centros de Investigación e deberán ir dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación. Nas propostas, deberá indicarse a área de adscrición docente do candidato a incorporar.
- ii. Por cada Instituto, Centro, Departamento, Área ou grupo de investigación soamente se poderá presentar unha solicitude.
- iii. Os Departamentos deberán concorrer con carácter xeral a esta convocatoria, para tratar de obter recursos externos de estabilización para as súas áreas con necesidades estruturais. En todo caso a Vicerreitoría de Investigación e Innovación resérvase a posibilidade de formular directamente unha oferta asociada a estas áreas.
- iv. Non existe limitación en canto ao número de solicitudes procedentes dunha mesma Área de Coñecemento, non obstante establécense as seguintes limitacións:

¹ Grupos de investigación rexistrados no Catálogo de Investigadores e Grupos de Investigación da USC dende antes do 10-12-2017

1. A USC formalizará 5 acordos de incorporación, que se distribuirán por áreas de coñecemento utilizando un criterio de prioridade por necesidades docentes estruturais². Este número podería aumentar ata un máximo de 7 prazas na circunstancia de existir candidatos de interese singular e estratéxico para a USC pola súa excelencia ou especificidade. Esta circunstancia deberá acreditarse diante do Consello de Goberno mediante o informe oportuno que terá en conta razóns asociadas ben á singularidade estratéxica do perfil para a USC ou ben á incorporación nunha area deficitaria ou nunha area de coñecemento que non teña incorporado investigadores RyC en convocatorias anteriores. No caso de que a área sexa excedentaria, e de non existir financiamento externo, será necesario o compromiso de cofinanciamento do grupo ou unidade de investigación solicitante. En calquera caso a formalización de prazas deberá ser ratificada polo Consello de Goberno.
2. En xeral, a USC formalizará un máximo de 1 acordo de incorporación por área de coñecemento. Non poderá producirse unha segunda incorporación na mesma área sen que se teña producido unha primeira en todas as áreas solicitadas con candidato posible
3. Para a formalización dos acordos de incorporación terán prioridade as áreas con maior déficit docente estrutural, ou de ser o caso, menor excedente docente estrutural, e sempre as áreas con menor número de RyC activos ou as que non captaran RyC previamente.
4. No suposto de que exista máis dun candidato por área de coñecemento, o acordo de incorporación formalizarase con aquel investigador con mellor posición de orde dentro do ámbito multidisciplinar ao que fai referencia a resolución da convocatoria.
- v. Tendo en conta as implicacións que a incorporación de novos investigadores/as podería ter en canto a aspectos organizativos e docentes, será condición indispensable que as propostas teñan a conformidade do Departamento correspondente, debendo asumir de forma explícita o compromiso de aceptar ao candidato e integralo no seu POD coas horas máximas de docencia recollidas na convocatoria, sendo para esta convocatoria actual de 80 horas anuais.
- vi. As solicitudes deberán especificar un perfil coincidente con algunha das áreas ANEP que figuran na convocatoria. É desexable que se trate de incorporar novos perfís e capacidades

²http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/profesorado/descargas/datos_estruturais/Aplicacion-dos-Criterios-Estruturais-para-o-calculo-do-Cadro-de-PDI-da-USC-no-curso-2017-18-28-de-setembro-de-2017.pdf

complementarias ás xa existentes na USC a efectos de fortalecer a competencia das unidades de investigación da USC. Así mesmo, e de acordo cos requisitos establecidos na convocatoria, os Departamentos, Institutos e Centros de Investigación, así como os grupos de investigación que desexen presentar solicitudes neste Subprograma deberán ter dispoñibilidade de espazo e garantir as condicións adecuadas para que o /a posible candidato/a poida desenvolver as súas actividades de investigación.

- vii. Cando se formalice a contratación dun investigador/a Ramón y Cajal establecerase, de acordo coa proposta feita, a Área de Coñecemento, Departamento, Instituto ou Centro de Investigación, e o Campus ao que se adscribe o candidato.
- viii. As pautas de estabilización dos investigadores/as que se incorporen no marco da presente convocatoria deben considerarse supeditadas ás posibilidades normativas e orzamentarias así como ás políticas de recursos humanos existentes ao final do programa, primándose as áreas con necesidades docentes estruturais. Tendo en conta o contexto actual non procede comprometer estabilizacións.
- ix. De acordo coa actual convocatoria de Ramón y Cajal, durante o proceso de asignación de candidatos/as a USC poderá modificar de xeito limitado a distribución de contratos por áreas temáticas ANEP, sen que, en ningún caso, se poida sobrepassar o número máximo de contratos indicados na solicitude institucional.

PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE PRAZAS

As propostas deberán cumprimentarse a través da aplicación telemática dispoñible na OIT- Virtual (<https://imaisd.usc.es/oitvirtual/>). Unha vez cumprimentada, xerárase un documento que deberá ser impreso, asinado e remitido á OIT **entre o día 11 de decembro de 2017 e as 14 horas do día 11 de xaneiro de 2018.**

- Mediante documento escaneado (formato pdf) ao enderezo: oit.ramonycajal@usc.es, ou,
- En soporte papel, en persoa, no rexistro da OIT (Edifi. CACTUS – Campus Vida) ou Rexistro do Campus de Lugo (Edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros).

Non serán admitidas as solicitudes que non estean debidamente asinadas, e, de ser o caso, incorporen o compromiso de habilitar o cofinanciamento necesario para formalizar os contratos correspondentes.

Co obxecto de facer unha oferta atractiva e competitiva, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación recomenda:

- a) Elaborar unha descrición das capacidades, obxectivos e recursos da unidade de investigación na que se incorporaría o contratado RyC, para o que sería conveniente cumprimentar os apartados correspondentes na solicitude.
- b) Facer unha política activa de captación de candidatos competitivos entre os grupos ou centros de investigación cos que o grupo propoñente teña relacións científicas.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela Tel.
981 547 040 - Fax 981 547 077

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación publicará na web da USC o perfil e características das diferentes prazas ofertadas.

Santiago, a 2 de decembro de 2017
A Vicerreitora de Investigación e Innovación

Isabel Rodríguez Moldes Rey